

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA PARA A ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO ANO XUBILAR MARIANO DE CEE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Amigos da Xunqueira o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten como obxecto establecer o marco de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Amigos da Xunqueira para a organización e realización de actividades de promoción do Ano Xubilar Mariano de Cee.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia que se crea co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

Segundo.- A Asociación Amigos da Xunqueira de Cee é unha asociación sen ánimo de lucro que exerce fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña.

Son fins principais da asociación:



- a) Promoción da actividade cultural e deportiva na comarca.
- b) Apoio á acción social comunitaria.
- c) Conservación do patrimonio cultural, histórico e natural da comarca.
- d) Cooperación para o desenvolvemento.

Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar as seguintes actividades:

- a) Apoio aos veciños en labores sociais.
- b) Visitas guiadas do patrimonio histórico-cultural.
- c) Organización mes cultural-deportivo.
- d) Representacións teatrais, coreográficas e musicais.
- e) Recuperación do patrimonio cultural, histórico e natural.

Terceiro.- A Penitenciaría Apostólica da Santa Sede en Roma concedeu un Ano Santo Xubilar, a celebrar desde o 1 de maio de 2022 ata o vindeiro 1 de maio 2023. Nesta última data terá lugar a coroación canónica da patroa ceense, a Virxe da Xunqueira.

O Ano Xubilar é un acontecemento relixioso de suma importancia para a vida cristiá, un ano de remisión dos pecados no que o templo parroquial da Virxe da Xunqueira será lugar de peregrinación para todos os fieis, e moi especialmente para aqueles que continúan o Camiño de Santiago desde Compostela ata o Fin da Terra. Loxicamente, o dito Ano Xubilar estará composto por diferentes e diversos cultos extraordinarios que buscarán a mellor acollida para os peregrinos e devotos da Virxe da Xunqueira pero ademais, coa intención de achegar este Ano Xubilar a toda a cidadanía, máis alá dos seus sentimentos relixiosos, elaborárase unha oferta complementaria de actividades culturais e de ocio. Para iso é preciso a implicación de institucións públicas e privadas que poidan colaborar para o seu desenvolvemento e difusión.

A promoción do Ano Xubilar é fundamental para dar a coñecer a advocación de Nosa Señora da Xunqueira e o rico pasado histórico que atesoura a vila de Cee, lugar de referencia na actualidade na Costa da Morte como centro de prestación de servizos.



O evento axudará a fomentar o turismo relixioso e a fomentar a ruta xacobeá do Camiño de Fisterra-Muxía.

Cuarto.- Por parte da Axencia Turismo de Galicia considérase axeitado, por razóns de interese público, colaborar nas actuacións obxecto do presente convenio coa Asociación Amigos da Xunqueira dadas as específicas características desta entidade, xa que é a única capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible subscribir un convenio con ningunha outra entidade. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1.a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

